

O cardume

የገላታዎች ጥቅም



O CARDUME

O ESPECTÁCULO

O cardume é un espectáculo para todos os públicos que combina a narración oral coa música en vivo. Onde o público participa da narración, converténdose en ocasións en protagonista da mesma. En escena, unha narradora e un músico achégannos historias onde as personaxes traballan en conxunto para acadar os seus soños. A través dos obxectos e melodías iremos descubrindo un mundo onde todxs sumamos.

SINOPSE

Miña avoa di que ás veces os peixes nadan moi pegadiños coma se fosen un peixe só; e que cando nadan dese xeito iso chámase cardume. Ela tamén di que ás veces os peixes son máis listos que as persoas. Deberíamos aprender deles!



A COMPAÑÍA

Xarope Tulú é unha compañía comprometida coas linguaxes escénicas dirixidas á infancia e á mocidade, que convida a viaxar por mundos singulares.

Fundada no ano 2015 pola actriz Atenea García e o músico Nicolás Zamorano, as súas propostas intentan achegar entre si as diferentes linguaxes escénicas: a narración oral, o teatro de obxectos, a interpretación actoral e a música. Ademais as súas montaxes intentan non aferrarse a un único estilo interpretativo; facilitando o descubrimento doutros mundos posibles e a creación dun espazo para a reflexión.

Na actualidade a compañía conta con diversos espectáculos en cartel como Rilla-Rilla, Nómades ou O Cardume entre outros.

